


GUÍA DE LINGUAXE INCLUSIVA

A linguaxe como
ferramenta de cambio



ÍNDICE

3	INTRODUCCIÓN
----------	---------------------

5	LEXISLACIÓN
----------	--------------------

8	CONCEPTOS
----------	------------------

10	ERROS MÁIS FRECUENTES NO USO DUNHA LINGUAXE NON INCLUSIVA
-----------	--

13	ESTRATEGIAS LÉXICAS E GRAMATICAIS PARA O USO DUNHA LINGUAXE INCLUSIVA
-----------	--

19	BREVE GUÍA PARA UN USO NON SEXISTA DA LINGUAXE
-----------	---

22	LIGAZÓNS DE INTERESE
-----------	-----------------------------

I. INTRODUCCIÓN

A lingua debe reflectir a realidade social na que vivimos mais moitos dos usos lingüísticos habituais reflecten actitudes de violencia simbólica, sexistas e androcéntricas. No entanto, tense constatado que o papel social de homes e mulleres ten mudado moito e que a presenza feminina en todos os eidos laborais é unha realidade.

Os cambios sociais deben ter un reflexo no uso que damos á linguaxe e por iso propoñemos un uso non discriminatorio da lingua. **Se empregamos o masculino para sinalar colectivos onde existen tanto homes coma mulleres estaríamos a invisibilizar a un 50% da poboación.**

A linguaxe non é sexista, posúe masculinos, femininos e neutros, somos as persoas as que masculinizamos a fala. Cando se empezaron a redactar as primeiras gramáticas de linguas románicas, os gramáticos decidiron que o masculino sería o xénero universal, isto reflecte unha decisión social, non algo intrínseco da linguaxe, xa que **posúe distinción de xénero por si mesma.**

Disciplinas como a sociolingüística, a psicoloxía cognitiva, a neurolingüística, a lingüística crítica ou a análise do discurso levan décadas poñendo de manifesto o papel da linguaxe na categorización do mundo. As categorías gramaticais en que pensamos e falamos representan de certo xeito a realidade en que vivimos.

*De aí a importancia de usar unha linguaxe
inclusiva que sexa igualitaria para todas as
persoas.*

Desde a administración debemos tentar usar a linguaxe de xeito igualitario mediante termos neutros ou o uso correcto dos xéneros, amosando así o noso compromiso coa creación dunha sociedade sen subordinación de sexos, sensibilizando sobre os cambios actuais.

Presentamos esta guía de linguaxe inclusiva para que a empregemos na nosa comunicación oral e escrita e trasladalo a todas as esferas da nosa vida para tentar construír pensamentos igualitarios.

A linguaxe inclusiva non ten que ver con modas, tendencias ou estéticas, nin con sermos politicamente correctos senón que se trata de construír realidades iguali-

tarias. Tampouco consiste en cargar os textos con frases e repeticións senón en buscar xeitos de usar a linguaxe con afán integrador e respectuoso. **Trátase dunha ferramenta de visibilización e non de subordinación.**

Nesta guía analizaremos a lexislación relacionada coa linguaxe e a igualdade, os conceptos básicos que debemos ter en conta, os erros máis comúns na linguaxe e as estratexias léxicas e gramaticais para empregar unha linguaxe inclusiva. Ao final engadiremos un cadro coas opcións máis comúns ante termos non inclusivos.


Concello de Marín



2. LEXISLACIÓN


Na case totalidade dos países occidentais lévanse a cabo distintas accións desde as políticas públicas para eliminar a discriminación histórica que padecen as mulleres. Estas políticas pretenden abordar situacións de desigualdade que, por motivo de sexo, se atopan na vida diaria.

Desde que existen estas políticas de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres faise fincapé no uso non sexista da linguaxe.



AÑO	ALCANCE	MEDIDA
1978	España	Constitución Española de 1978 , recoñece a igualdade e prohi-be a discriminación sexual (artigo 14).
1979	Mundial	Convención sobre a eliminación de todas as formas de discri-minación contra as mulleres (CEDAW).
1983	España	Créase o Instituto da Muller e os Centros de Información da muller .
1985	Mundial	Estratexias de Nairobi cara ao futuro para o adianto das mulleres. III Conferencia Mundial de Mulleres da ONU para o Exame e a Avaliación dos Logros do Decenio de Nacións Unidas (Nairobi).
1987	Mundial	Resolución 14:1 aprobada pola Conferencia Xeral da UNESCO para non usar termos referidos a un só sexo.
1989	Mundial	Resolución 109 aprobada pola Conferencia Xeral da UNESCO para crear un vocabulario para a muller.
1990	UE	Recomendación aprobada polo Comité de Ministros do Consello de Europa o 21 de febreiro para usar linguaxe iguali-taria.
1993	UE	III Conferencia Ministerial Europea sobre a Igualdade entre a Muller e o Home , Roma 21-22 de outubro de 1993.
1993	España	Real Decreto 762/1993 do 21 de maio sobre a modificación do Rexistro Civil e a discriminación nos textos e formularios.
1995	Mundial	IV Conferencia mundial as mulleres (Beijing) - aplicación dos dereitos humanos das mulleres.
1995	España	Orde do Ministerio de Educación e Ciencia (22 de marzo) - adecuación dos títulos académicos ao xénero masculino e feminino.
1996-2000	UE	IV Programa de acción comunitaria a medio prazo para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
1997-2000	España	III Plan para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

1999	UE	Informe da Comisión dos Dereitos da Muller do Parlamento Europeo 20-4-1999 sobre a necesidade de desenrolar políticas específicas de prevención e represión da violencia contra as mulleres.
2000	España	Real Decreto 1686/2000 do 6 de outubro polo que se crea o Observatorio da Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes.
2002-2005	Galicia	Plan de Acción contra a Violencia de Xénero 2002 - 2005.
2004	España	Lei Orgánica 1/2004 do 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. Título I. Medidas de sensibilización, prevención e detección no eido educativo, publicitario, dos medios de comunicación e sanitario.
2007	España	Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
2008-2011	España	Plan estratéxico de igualdade 2008-2011 que pretende amosar ás mulleres e o feminino como suxeitos activos da construción social.
2013	Galicia	VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes Estratexia 2013-2015.
2015	Galicia	Decreto legislativo 2/2015 do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
2017	España	LEI 1/2017, do 17 de marzo, de modificación da Lei 16/2003, do 8 de abril, de Prevención e Protección Integral das Mulleres contra a Violencia de Xénero.



3. CONCEPTOS

1. **Sexo:** conxunto de características orgánicas que permiten distinguir un individuo macho dun individuo femia. O sexo é unha cualidade natural coa cal se nace.
2. **Xénero:** conxunto de características, comportamentos, funcións e valoracións socioculturais que se asigna como apropiado para cada un dos sexos nunha sociedade determinada. O concepto de xénero fai referencia ás diferenzas sociais mentres que o concepto de sexo fai referencia ás diferenzas biolóxicas entre homes e mulleres.
3. **Xénero gramatical:** trazo gramatical que marca a oposición entre masculino e feminino nos substantivos, pronomes, adxectivos e determinantes, que é inherente para os substantivos e pronomes e se establece por concordancia con estes no resto dos casos. Cando a palabra fai referencia a unha persoa xénero e sexo coinciden, excepto no caso dos epicenos, aquelas palabras cun único xénero gramatical (persoa, ser humano...)
4. **Sexismo:** ideoloxía, comportamento ou actitude que manifesta discriminación das persoas atendendo ao seu sexo.
5. **Sexismo lingüístico:** adoita facer referencia á discriminación dun sexo con respecto ao outro. Cando se fai o cambio dunha verba por outra do xénero oposto e a frase carece de sentido estamos ante unha verba sexista. Trataríase dun uso non igualitario do idioma para ambos sexos.
6. **Sexismo social:** sería o conxunto de actitudes discriminatorias contra os dereitos das persoas doutro sexo na sociedade.
7. **Androcentrismo:** perspectiva de ver o mundo cos homes como centro. Neste tipo de sociedades o masculino tómake como referente e modelo, o home para referirse a todas as persoas, uso do masculino antes có feminino en enumeracións.
8. **Linguaxe inclusiva:** uso respectuoso da linguaxe mediante termos, recursos lingüísticos e gramaticais onde se vexan reflectidos ambos sexos.
9. **Linguaxe sexista:** sería o uso dun dos dous xéneros para referirse a ambos

excluindo ao outro ou, de ser usado, cargalo cun significado distinto e, moitas veces, pexorativo.

- 10. Estereotipos de xénero:** idea ou expresión que por ser moi utilizada é totalmente convencional e carece de orixinalidade e de significación, neste caso no tocante ao xénero, roles non reais aceptados como norma. Poden ser positivos ou negativos e raramente comunican información precisa sobre os demais.
- 11. Norma e uso:** directrices establecidas por distintos organismos de debido cumprimento e por uso o xeito real de utilización desa norma. As normas, como elemento de cohesión e no caso das linguas coa finalidade última dunha óptima comunicación, debe adaptarse ao uso que as persoas fan realmente dela e neste caso concreto, da lingua.
- 12. Igualdade de xénero:** situación en que todos os seres humanos son libres de desenvolver as súas capacidades persoais e de tomar decisións sen as limitacións impostas polos estritos roles tradicionais, e na que se teñen en conta, valoran e potencian por igual as distintas condutas, aspiracións e necesidades de homes e mulleres. A igualdade formal (ou ante a lei) non é senón unha primeira etapa cara á igualdade real (que contempla tratar de forma desigual a quen son desiguais).
- 13. Transversalidade de xénero:** proceso de valorar as implicacións que ten para os homes e para as mulleres calquera acción que se planifique, xa se trate de lexislación, políticas ou programas, en todas as fases da intervención desde a decisión até a avaliación, pasando pola planificación, a xestión e a execución. É unha estratexia para conseguir que as preocupacións e experiencias das mulleres, ao igual que as dos homes, sexan parte integrante na elaboración, posta en marcha, control e avaliación das políticas e dos programas en todas as esferas políticas, económicas e sociais, de xeito que as mulleres e os homes poidan beneficiarse de eles igualmente e non se perpetúe a desigualdade. O obxectivo final da integración é conseguir a igualdade dos xéneros.

4. ERROS MÁIS FRECUENTES NO USO DUNHA LINGUAXE NON INCLUSIVA

Uso do xénero gramatical masculino para designar a ambos xéneros

O emprego do masculino fai invisible a parte feminina do conxunto ao que designa. Debemos evitar empregar o uso do pronome masculino para abarcar a unha xeneralidade composta por persoas de ambos sexos.

Exclúese a parte feminina ("mozas"), se houber.

> Os mozos estiveron xogando na rúa

> A mocidade estivo xogando na rúa

Uso do masculino en primeiro lugar en nomes e títulos

Nun caso de enumeración de nomes ou títulos non nos deberíamos rexer polo masculino en primeiro lugar, senón buscar outro tipo de enfoque para facelo de xeito non discriminatorio, sen xerarquización do sexo masculino por enriba do feminino, como por exemplo por orde alfabética.

> Señor Xuíz, Señora Xuíza, Maxistrados....
O director executivo da empresa,
acompañado da Ministra...

> Maxistrados, Señora Xuíza, Señor Xuíz
A Ministra, acompañada do director
executivo da empresa.

Uso do feminino con acepción pexorativa, descalificativa ou discriminatoria

Hai palabras con xénero feminino que designan unha cousa completamente distinta da do masculino e en ocasións con connotacións discriminatorias, degradantes ou pexorativas. Son termos coñecidos como duais aparentes que na realidade non amosan en igualdade o mesmo significado.

> Un calquera
> Fulano
> Modisto
> Asistente
> Axudante

> Unha calquera
> Fulana
> Modista
> Asistenta
> Axudanta

Tamén se pode producir o uso de verbas distintas para a mesma profesión no caso de homes ou mulleres, cunha acepción máis digna no caso masculino e unha connotación inferior para o termo feminino.

> Auxiliar de voo

> Sanitario

> Persoal de limpeza

> Azafata

> Enfermeira

> Limpadora

Asimetrías no nomeamento: escríbese o nome das mulleres e o apelido no caso dos homes. Debemos empregar o nome e apelido para ambos sexos ou facelo de xeito igualitario xa que o uso do nome da muller en contraposición co nome e apelidos do home indica na frase familiaridade e falta de respecto cara ás mulleres.

> Castelao e Rosalía...

> Alfonso Daniel Castelao e Rosalía de Castro...

Uso do artigo "a" ao referirse a mulleres e non empregamos o artigo "o" para referirnos aos homes:

> A Cospedal - Rubalcaba

Constante énfase no sexual para referirse ás mulleres en comparación coa referencia aos homes na súa calidade de persoas.

> Muller ministra, mulleres empresarias, mulleres escritoras.

> Ministros, empresarios e escritores.

Uso da verba "home" para nomear unha persoa "xenérica", ou para referirnos á humanidade por completo:

> Os dereitos do home


> Os homes da Prehistoria

> Os dereitos da humanidade

Non semella moitas veces doado saber se o uso da lingua que se está empregando é sexista ou androcéntrico. A regra da inversión axúdanos a detectar o sexismo lingüístico. Consiste en inverter todas as referencias sexuais, é dicir, se hai un termo en masculino, cambialo polo feminino e viceversa. Se o resultado da inversión é estraño, estaríamos ante un uso sexista da linguaxe.

Sempre debemos buscar a simetría no tratamento das persoas e no uso da linguaxe, como no lugar de aparición, non sempre o masculino debe ir primeiro ou incluso na concordancia gramatical co último elemento que teñamos, como por exemplo:

- > Chegaron ao instituto as nenas e nenos eslavos
- > Chegaron ao instituto os nenos e as nenas eslavas



5. ESTRATEXIAS LÉXICAS E GRAMATICAIS PARA O USO DUNHA LINGUAXE INCLUSIVA

Uso de substantivos xenéricos, abstractos e colectivos.

Os substantivos xenéricos refírense a ambos sexos, á marxe do seu xénero:

> Persoa, personaxe, criatura, vítima...

Os substantivos colectivos designan a un conxunto de persoas coa mesma entidade:

> Clientela, público, alumnado, sociedade, funcionariado, tropa, profesorado, familia

Son xenéricos tamén os grupos nominais formados polo substantivo "persoa" + adxectivo. Resulta sinxelo transformar expresións sexistas coma "o beneficiario" en formulas inclusivas como "**a persoa beneficiaria**", tal e como podemos ver a continuación:

> Persoas con diversidade funcional
> Persoal asalariado
> Persoal directivo
> Persoas inmigrantes
> Persoas interesadas
> Persoas maiores

> Persoal contratado
> Persoal laboral
> Persoas asociadas
> Persoas expertas
> Persoas rexistradas
> Persoas da terceira idade

Alguns termos alternativos que posibilitan evitar usos discriminatorios son:

> Agrupación
> Asemblea
> Asociación
> Avogacía
> Cidadanía
> Colectivo
> Comunidade
> Dirección

> Equipo
> Funcionariado
> Infancia
> Mocidade
> Presidencia
> Público
> Xente
> Xerencia

Uso de substantivos epícenos:

Os epícenos designan a un ou outro sexo con independencia de que o xénero gramatical sexa masculino ou feminino.

- > A todos os que
- > A todas as persoas

Uso de perífrases:

Cando non exista unha verba que designe a un ou outro sexo e deberíamos empregar construcións perífrásticas do tipo:

Os profesores - a comunidade escolar O profesorado

- | | |
|-------------------------|--|
| > Castelao e Rosalía... | > Alfonso Daniel Castelao e Rosalía de Castro... |
|-------------------------|--|

Uso da verba "home" para nomear unha persoa "xenérica", ou para referirnos á humanidade por completo:

- | | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none">> Os participantes> Os discapacitados> O contratante> O administrativo | <ul style="list-style-type: none">> As persoas participantes> As persoas con diversidade funcional> A entidade contratante> O persoal administrativo |
|---|---|

Uso de aposicións.

As aposicións ou aclaracións, ademais de visualizar de xeito específico ás mulleres, eluden a redacción pesada provocada, ás veces, polos desdobramentos ou as barras:

- | | |
|------------------------|---|
| > A todos os inscritos | > A todos os inscritos, tanto homes coma mulleres |
|------------------------|---|

Desdobramentos.

Os desdobramentos ou duplicacións fan visibles ás persoas de ambos sexos pero adoitan ser moi repetitivas e facer o discurso lento. Pese a ser o recurso máis coñecido tamén resulta o máis criticado. Debemos usalos excepcionalmente e buscar alternativas. Aínda así, sempre resulta máis axeitado o uso dos desdobramentos que o emprego do masculino para ambos sexos.

> Todos os homes e mulleres asistentes

> As persoas asistentes

Son útiles en usos vocativos, como sinal de cortesía:

> Señoritas e señores

Cando se trata de cargos, profesións ou oficios tradicionalmente ocupados por homes ou por mulleres, xa que axuda a rachar co uso estereotipado desa situación:

> Convócanse dúas prazas de limpador ou limpadora.

Uso de palabras non marcadas ou omisión do artigo cando se trata de substantivos comúns en canto ao xénero.

Pertencen a esta categoría os nomes que teñen unha forma única para o masculino e o feminino, sendo o artigo o que nos dá información do sexo da persoa á que nos referimos:

- > Contribuínte
- > Viandante
- > Asinante
- > Adquirinte

A ausencia do artigo, sobre todo en sinaturas, é unha opción correcta gramaticalmente que nos dá a posibilidade de usar unha linguaxe inclusiva sen recorrer aos desdobramentos:

- > O representante
- > O programa está dirixido aos maiores
- > O programa está dirixido a maiores

- > Representante
- > e aos desempregados
- > e a persoas desempregadas

Pódense empregar adxectivos dunha única terminación:

> Distintos/as

> Diferentes

O uso de pronomes e determinantes sen marcas de xénero:

- > Aqueles, os que
- > Todo o que
- > Algún
- > Todos

- > Quen
- > Cada
- > Alguén
- > Calquera

Uso de estruturas reflexivas con "se".

O uso deste tipo de estruturas fai que a linguaxe sexa neutra.

- > Cando o cidadán solicite
- > O usuario abonará

- > Cando se solicite
- > Abonarse

Uso do imperativo:

- > Os candidatos deben enviar as súas propostas

- > Envíe a súa proposta

Uso de sinónimos para non empregar unha linguaxe androcéntrica.

- > Os outros
- > É de todos coñecido

- > O resto
- > É de sobra coñecido

Uso de frases preposicionais máis un substantivo abstracto.

- > Discapacitado
- > Cualificado
- > Documentado

- > Con discapacidade
- > Con cualificación
- > Con documentación

Uso do suxeito tácito.

Denomínase así ao suxeito que non aparece expresamente na oración. Ao omitir o suxeito e modificar as construcións da frase evitamos ter que recorrer a un masculino con valor xenérico.

- > O usuario deberá amosar o seu DNI

- > Lembre amosar o seu DNI

Uso de barras.

O emprego de barras ven sendo moi habitual para incluír a ambos sexos. Pero o seu uso afecta ao texto e dificulta a lectura. Podemos empregalo en textos esquemáticos, en encabezamentos de cartas ou formularios e buscar outro tipo de solucións para non cargar o texto. Pódense empregar as parénteses no canto das barras.

- > Os/As usuarios/as
- > Sr/Sra.
- > Nacido/a
- > Domiciliado/a

- > Os (as) usuarios(as)

Existen solucións máis neutras para os exemplos anteriores, tales como:

- > Nome e apelido
- > Lugar de nacemento
- > Enderezo

Uso da @.

Nos últimos anos estendeuse o uso da @ para substituír á terminación de xénero, pero non estamos ante un signo lingüístico e non se pode ler polo que non debemos empregalo en textos.

- > Alumn@

- > Nen@

Feminización de profesións e oficios.

As mulleres incorporáronse a determinados postos de traballo que antes estaban vedados para elas. As máis das veces, non existe ningún problema no sistema lingüístico para adaptar o léxico a estes cambios. O xeito máis habitual consiste en facer o feminino cambiando a terminación masculina ("o", "e") pola feminina ("a")

- > Arquitecta
- > Xuíza
- > Enxeñeira

- > Arquitecto
- > Xuíz
- > Enxeñeiro

Atopamos unha serie de formacións regulares que rematan en -a/-o:

> Terminación en -eira/-eiro:	Cociñeira - Cociñeiro
> Terminación en -ana/-ano:	Decana - Decano
> Terminación en -óloga/-ólogo:	Psicóloga - Psicólogo
> Terminación en -ónoma/-ónomo:	Agrónoma - Agrónomo
> Terminación en -ógrafa/-ógrafo:	Fotógrafa - Fotógrafo
> Terminación en -aria/-ario:	Funcionaria - Funcionario
> Terminación en -ada/-ado:	Maxistrada - Maxistrado
> Terminación en -ica/-ico:	Médica - Médico
> Terminación en -ora/-or:	Tradutora - Tradutor

Hai unha serie de profesións e oficios que teñen a mesma terminación para designar o feminino e o masculino.

> Terminación en -a:	Guía, Atleta
> Terminación en -oz:	Portavoz
> Terminación en -atra:	Foniatra
> Terminación en -ista:	Periodista
> Terminación en -ópata:	Homeópata
> Terminación en -al:	Profesional
> Terminación en -e:	Intérprete
> Terminación en -o:	Sobrecargo

Debemos prestar atención a que o uso da forma feminina non ofrezca unha diferenza de significado, coma no caso dos duais aparentes antes mencionados:

> Home público	> muller pública
> Sarxento	> sarxenta
> Verduleiro	> verduleira
> Modisto	> Modista

Introdución de neoloxismos.

A linguaxe evoluciona polo que debemos crear palabras para representar novas realidade sociais, como palabras que até o momento non contaban co xenérico (estudiantado, usuariado, funcionariado) ou co feminino (chanceleira, arbitra, albanela, pilota).

6. BREVE GUÍA PARA UN USO NON SEXISTA DA LINGUAXE

Expresión de uso sexista

Expresión recomendada inclusiva

> Os galegos	> A poboación galega > As persoas galegas > O pobo galego
> O usuario	> A persoa usuaria
> Os nenos	> A infancia > A poboación infantil
> O beneficiario	> As persoas beneficiarias
> Os implicados	> As persoas implicadas
> Os cidadáns	> A cidadanía > A poboación
> Os discapacitados	> As persoas discapacitadas
> Os traballadores	> O persoal > O cadro de persoal > Traballadores e traballadoras
> O interesado	> A persoa interesada
> O solicitante	> A persoa solicitante > A persoa que o solicite
> O responsable	> Unha persoa responsable > Responsable > Os voluntarios e voluntarias > O voluntariado > As persoas voluntarias
> Os expertos	> As persoas expertas
> O xefe	> A xefatura
> As limpadoras	> O persoal de limpeza
> As coidadoras	> Os coidadores e coidadoras
> Os condutores	> Os/As condutores
> O emprendedor	> A persoa emprendedora
> O denunciante	> A persoa que denuncia
> Os funcionarios	> O funcionariado
> Home	> Persoa > Veciñanza > Habitante
> Veciño	> As persoas maiores > A xente maior
> Os anciáns	> A poboación xubilada > As persoas xubiladas
> Os xubilados	

Expresión de uso sexista

Expresión recomendada inclusiva

> Os adolescentes	> A poboación adolescente
> Os mozos	> A xuventude
> Os electores	> A mocidade
> O alumno	> O electorado
> O señor da limpeza	> O alumnado
> A señora da limpeza	> O persoal de limpeza
> Asistentas do fogar	> Persoal de axuda no fogar
> Traballador social	> Traballadora social
	> Persoal de traballo social
> Mestre	> Mestra
	> Profesorado
> Médico	> Médica
	> Persoal médico
> Director	> Directora
	> Dirección
> Xerente	> A xerencia
> Coordinador	> Coordinación
> Xefe de servizo	> Xefatura de servizo
> Secretario	> Secretaría
	> Secretaría
> Interventor	> Intervención
> Técnico	> Técnico/a
	> O persoal técnico
> Empregados municipais	> O persoal municipal
> Os menores de idade	> As persoas menores de idade
> Os participantes	> As persoas participantes
> O contratado	> O persoal contratado
> O contratante	> O persoal de contratación
> O asalariado	> O persoal asalariado
	> A administrativa
> O administrativo	> O persoal administrativo
	> O persoal de administración
	> Administración
> Os políticos	> A clase política
> O adxudicatario	> Adxudicatarios e adxudicatarias
> O consumidor	> Os consumidores e as consumidoras
> O alcalde	> A Alcaldesa
	> A Alcaldía
> Técnico de proxectos	> Técnico/a de proxectos
	> Persoal técnico de proxectos

Expresión de uso sexista

Expresión recomendada inclusiva



> Técnico arquitecto	> Técnico/a arquitecto/a
> Técnico medioambiental	> Persoal técnico de arquitectura
> Fillos	> Técnico/a medioambiental
> O cónxuxe	> Persoal Técnico medioambiental
> Admitidos	> Crianzas
> Excluídos	> Criaturas
> Candidatos	> O/a cónxuxe
> O organizador	> Persoas admitidas
> O encargado	> Persoas excluídas
> Nai/Pai	> Aspirantes
> Benvido	> A organización
> Atención ao usuario	> A persoa encargada
> Se es usuario rexistrado	> Familia
> Quedará rexistrado no curso	> Dámosche a benvida
> Dereito a ser tratado con respecto	> Atención a usuarios/as
> O abaixo asinante declara	> Se xa te rexistraches
> D./Dª	> O seu rexistro no curso será efectivo
> Nacido/a	> Dereito a recibir un trato respectuoso
> Domiciliada/o	> Quen abaixo asina declara
> Empadroado en	> Nome e apelidos
> Os que ... (soliciten)	> Lugar de nacemento
> Cando un	> Data de nacemento
> Se o usuario...	> Enderezo
> Os nenos e mozos	> Con empadramento en
> A todos os que	> Quen...(solicite)
> Aqueles	> Cando alguén
> Os que	> Cando algunha persoa
> Todo o que	> Se vostede...
> Algún	> A poboación infantil e xuvenil
> Todos	> A todas as persoas
> Distinto	> Quen
> Cualificado	> Quen
> Documentado	> Cada
> Indocumentado	> Alguén
> Os solicitantes deberán	> Calquera
> Poucos / Moitos	> Distinto/a
	> Diferente
	> Con cualificación
	> Con documentación
	> Sen documentación
	> Coa solicitude debe
	> Unha minoría/ maioría

Expresión de uso sexista

- > Os profesionais
- > Os asistentes
- > O grupo
- > Espazo do contribuínte
- > Todos os presentes
- > Manual de usuario
- > Oficina de atención ao cidadán
- > Os dereitos do home

Expresión recomendada inclusiva

- > As e os profesionais
- > O público asistente
- > Agrupación
- > Espazo para contribuíntes
- > Todas as persoas presentes
- > Manual de uso
- > Oficina de atención á cidadanía
- > Os dereitos das persoas
- > Os dereitos do ser humano



7. LIGAZÓNS DE INTERESE



Criterios de Linguaxe non sexista da USC

https://www.usc.es/export/sites/default/gi/servizos/oix/descargas/linguaxe_non_sexista_publicado_WEB_USC.pdf



Ferramentas para unha linguaxe en igualdade Guía de uso da linguaxe non sexista. Concello de Marín.



Guía de comunicación inclusiva. Deputación de Pontevedra



Manual de Linguaxe inclusiva no ámbito universitario

http://www.uvigo.es/sites/default/uvigo/DOCUMENTOS/igualdade/-Manual_con_portada_para_web.pdf



Medios de comunicación e linguaxe non sexista

https://www.researchgate.net/publication/28195708_Medios_de_comunicacion_e_linguaxe_non_sexista



Recopilatorio sobre recursos web sobre lenguaje no sexista

http://www.mujiresenred.net/IMG/pdf/recopilatorio_lenguajenosexista.pdf